

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 3 DE OUTUBRO DE 2005**

### **2.- Solicitudes de licencias de obras**

#### **FAVORABLES.-**

**867/00.- Inmobiliaria Vázquez yVizcaíno, S.L.-** Modif.. de licencia para construcción edificio (8 viv.) na parcela C-3 do quintoiro "C" do Polígono Único de Sar, R/ Eduardo Pondal.

**1429/05.- Ríos Sánchez e Hijos Promociones, S.L.-** Edificio (14 viv.) na parcela B1 do quintoiro 3 do SUP-6 de Sta. Marta.-

**1667/05.- Diculares, S.L.-** Legaliz. modificación en dúas viv. unif. nas parcelas resultantes de parcelación autorizada en Portela, Vilestro.-

#### **DENEGADAS.-**

**1227/05.- Santiago Villaverde Méndez.-** Ampliación de viv. unif. na R/ Torreira de Arriba núm.5.-

**2319/04.- Luís Liñares Sixto.-** Viv. unif. no Agro de Condomiñas, Castiñeiriño.-

#### **RECURSOS EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN.-**

**648/03.- Mª Asunción Miguez Ben.-** Contra acordo de concesión de licencia á Entidade Neira de Mosquera 8, S.L.- (non admisión á trámite).-

#### **PARCELACIONES.-**

**2981/04.- José Manuel Carreira Martínez.-** Parcela no Lugar da Cruxeira.- (D).-

### **4.- Devolución de fianzas**

**2092/05.- Mª Pilar Guldrís Portela.....**Expte...78/05.....601 €

**1282/05.- Mª Jesús Vázquez Viaño.....**Expte..1503/02....1.500 €

**1668/05.- Nicolas Sanmartín Pombo.....**Expte...1516/02....1.500 €

**1784/05.- Marcelino Noya Rios.....**Expte.....2138/02.....664 €

**151/05.- Nieves Salvado Rios.....**Expte....1966/85.....150.000 Pta (901,52 €).

**2065/05.- Marcos Domínguez Martínez.....**Expte...1267/05.....3.460 €.

**1894/05.- Marcial Castro Seijas.....**Expte...2150/00.....10.000 €

**1895/05.- Xiao Rodríguez Somoza...**Expte....984/03.....673 €.-

**1887/05.- Oscar Garea Valle.....**Expte....361/01.....200.000 ptas (1.202,24 €).-

**1885/05.- Rafael Garea Goris....**Expte...2745/04.....200.000 ptas (1.202,24 €).-

**1559/05.- José Castro Gigirey.....**Expte...1511/02.....6.666 €.-

**1674/05.- Proincor Promociones Inmobiliarias Cortizo, S.L.-** Expte.1636/02..2.500 €.-

**1986/05.- Flora Dopazo Rodríguez.....**Expte..1040/00.....2.885 €

**1995/05.- Manuel Alcalde Parcero...**Expte..1071/0....1.500 €

**867/05.- Jesús Blanco Blanco.....**Expte...1835/02.....2.039 €

**996/05.- José Antonio Juanatey Pérez...**Expte...1262/01.....504.720 ptas (3.033,43 €)

### **8.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do gasto para a realización de reparacións no centro sociocultural de BORNAIS-O EIXO.**

Apróbase o gasto derivado da devandita reparación, que ascende a 10.389,24 euros.

**9.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Deportes e Educación relativa ao desenvolvimento do programa "A Auga Patos".**

Autorízase a aprobación das bases e a sinatura do contrato Concello-Empresa Xade para desenvolver o programa, así como a prestación dos servizos dos departamentos de Educación e Deportes a efectos de intermediación cos centros de ensino interesados no programa.

**10.- Proposta da Concelleira Delegada de Limpeza relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do suministro de papeleiras para o barrio de FONTIÑAS.**

Apróbase o prego de condicións económico-administrativas, así como o inicio do expediente de contratación de referencia por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 18.980 euros, IVE incluído.

**11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de reforma e ampliación de alumeados públicos nas Cancelas.**

Apróbase o proxecto redactado polo servizo municipal de proxectos e obras e do prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose unha licitación de 93.171,18 euros, IVE incluído.

**12.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD relativa á adxudicación da contratación do programa de información e formación en prevención de drogodependencias.**

Acórdase contratar á Asociación Chisem, Asociación para a Prevención e Intervención Psicolóxica, para a realización do Programa de Información e Formación en Prevención de Drogodependencias, por importe de 6.950,98 euros.

**13.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD relativa á adxudicación da contratación das actividades incluídas no programa de prevención de drogodependencias a través do entrenamiento en habilidades sociais con adolescentes.**

Acórdase a adxudicación da prestación de referencia á asociación Chisem, por importe de 11.047 euros, IVE incluído.

**14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Política Lingüística relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento dos obradoiros de dinamización lingüística durante o curso 2005-2006.**

Apróbase o prego e inicio do expediente de contratación deste servizo, establecéndose un tipo de licitación de 18.500 euros, IVE incluído.

**15.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD relativa á adxudicación da contratación do programa de prevención de drogodependencias CINENSINO para o curso 2005-2006.**

Apróbase a adxudicación de referencia á empresa Estinga Servizos Sociais SL por importe de 32.130 euros, IVE incluído, así como a súa formalización mediante o correspondente contrato administrativo.

**16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto modificado de reurbanización do tramo de Fernando III o Santo comprendido entre República Arxentina e adxudicación ao contratista da obra principal.**

Apróbase o proxecto modificado por un importe de 558.175,27 euros, o que supón un incremento de 70.062,73 euros, obra que executa a empresa Extraco, S.A. para o seu trámite.

**18.- Proposta da Concelleira Delegada da Muller relativa á concesión das subvencións para programas e actividades a desenvolver polas asociacións de mulleres, secretarías da muller dos sindicatos e vocalías da muller das asociacións de veciños para 2005.**

Acórdase conceder as seguintes subvencións:

ENTIDADE	IMPORTE CONCEDIDO
? Vocalía da muller da A.V.V. Coto da Nai	880
? Asociación de Viúvas Rosalía de Castro	1.000
? Asociación de Mulleres Recandea	909
? Vocalía da muller da A.V.V. As Brañas de Andrés	320
? Vocalía da muller da A.V.V. Río Sarela	1.063
? Xanela, Asociación Cultural da Muller Galega	1.063
? Vocalía da muller prolactancia materna "Mámoa"	1.063
? Vocalía da muller da A.V.V. Camiño de Santiago	1.063
? Asociación de Mulleres Progresistas "Alba"	1.063
? Fegamur	1.063
? Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres	1.063
? Mulleres Nacionalistas Galegas	1.063
? Grupo de Mulleres Cristiás Galegas Exeria	1.063
? Andaina de Mulleres, Asociación Cultural	1.063
? Asociación de Promoción da Muller Liberanza	1.063
? Vocalía da Muller da A.V.V. "Francisco Asorey" da Almáciga	1.063

**TOTAL: 17.991**

**19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación das bases do programa de incentivos á creación de empresas e concurso de novas ideas empresarias "COMPOSTELA ACTIVA" para 2005.**

Apróbanse as citadas bases e a apertura dos prazos de presentación de solicitudes para acollerse ao programa. O custo total desta actividade é de 80.000 euros.

**20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións para escolas deportivas municipais para o último trimestre de 2005.**

Apróbanse as bases de convocatoria e o baremos de aplicación dos criterios de valoración para a concesión de subvencións para ditas escolas deportivas correspondente ao último trimestre do ano 2005, así como a dotación orzamentaria de 22.000 euros correspondentes a este ano.

**21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto dun campo de fútbol para a realización da liga autonómica de fútbol feminino.**

Acórdase conceder con carácter gratuíto o campo de fútbol de San Lázaro II ou de Santa Isabel, ao tratarse do único equipo de fútbol feminino de categoría autonómica que existe na cidade.

**22.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto dun campo de fútbol para a realización do campionato de fútbol Interhospitalario de Galicia.**

Acórdase conceder con carácter gratuíto o campo de fútbol de San Lázaro II ou de As Cancelas, desde o mes de outubro de 2005 ata xuño de 2006, celebrándose os partidos durante a semana.

**23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto dun campo de fútbol para a celebración do VI campionato dos Colexios de avogados de Galicia.**

Acórdase conceder con carácter gratuíto o campo de fútbol de San Lázaro II, Santa Isabel ou de As Cancelas, desde o mes de outubro de 2005 ata xuño de 2006.

**24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á autorización para desenvolver o campionato de España de Patinaxe en categoría alevín.**

Autorízase a celebración do mencionado campionato previsto para os días 6, 7 e 8 de outubro.

**27.- Ratificación do decreto da Concellería de Persoal relativa á prórroga dos servizos dunha operaria do refuxio de animais de Bando.**

Acórdase prorrogar os servizos de Rosa María Hernández Boquete, prolongándose ata o 28 de febreiro de 2006.

**28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á aprobación da 2ª xustificación de gastos presentada por INCOLSA dentro do Plano de competitividade turística 2005.**

Apróbase asegunda xustificación de gastos presentada por Incolsa dentro do devandito plano de competitividade, por importe de 48.892,22 euros.

**29.- Dar conta da concesión ao Concello do 2º premio na categoría de innovación tecnolóxica e outras áreas de prevención pola FEMP.**

Dáse conta da concesión ao Programa “Prevención indicada con adolescentes de risco”, que presentou o Concello de Santiago á II Convocatoria de Boas Prácticas en drogodependencias convocado pola FEMP. A obtención de dito premio conleva a que este programa sexa publicado e distribuído entre as Entidades locais maiores de 20.000 habitantes.

**URXENCIAS**

-Apróbanse as actividades do último trimestre de 2005 dos Centros Socioculturais.

-Adxudícanse as obras de retranqueo de liña de media tensión en Salgueiriños á empresa MALGA S.L.

-Apróbase a proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á modificación dunha partida orzamentaria asignada ao gasto plurianual de 65.000 euros que lle corresponde ao Concello en virtude da distribución definitiva para o desenvolvemento do Programa de Asistencia e Xestión Urbana Sostíbel (Pagus). Apróbase unha reserva de crédito por 195.000 euros de aportación polo FEDER.